



ACTA CONSTITUCIÓN XURADO E DITAME DO “XXVI CERTAME FRANCISCO AÑÓN DE POESÍA 2022”

Nesta vinte e seis edición do certame e fieis ao seu espírito, seguimos co obxectivo de promover o valor creativo e literario da nosa lingua. A través da Concellaría de Cultura, desexamos un ano máis apoiar os valores creativos da nosa cultura e as nosas letras, para que deste xeito sirvan de estímulo.

Previa a esta xuntanza, achegóuselles a cadanseu membro do xurado, os orixinais presentados ao premio e fíxose unha valoración dos traballos finalistas que cada quen aportou acordando a data do 29 de maio para unha primeira criba a través de correo electrónico. Unha vez recibidas as propostas, reenviouse a selección de finalistas achegada polo xuri, de cada unha das categorías, a fin de volver reler os traballos de cara á reunión presencial, que se fixou para o sábado día 7 de maio ás once da mañá na Casa da Cultura de Outes.

Ás 11:00 horas do sábado 7 de maio de 2022, reúnen-se na Casa da Cultura do Concello de Outes, as persoas que a continuación se indican:

Jesús Castro Yáñez. Poeta.

Sara Plaza Moreno. Poeta.

Fátima Rodríguez Ruibal. Profesora de lingua e literatura galega e coordinadora do club lectura do IES Antón Alonso Ríos de Tomiño.

Pedro Lamas Carral. Profesor de ensino secundario e dinamizador cultural.

Intervén como secretario Santiago Nieto Romarís, técnico de cultura do Concello de Outes, quen levanta acta e, a continuación, presenta as persoas que compoñen o xurado, que ata este momento non eran coñecedoras entre elas da súa participación nesta edición.

Seguidamente, procédese á valoración dos poemarios recibidos dentro do prazo sinalado.

Categoría B: Nenos/as de 8 a 9 anos:

O xurado por unanimidade outorga o primeiro premio, -180 euros en libros e publicación da obra- ao traballo titulado “Josefina”. Aberta a plica, corresponde á autoría de Adrián Brea Rodríguez, de 9 anos de idade, natural de A Estrada e alumno do CEIP do Foxo, A Estrada. O xurado destaca o seu compoñente lúdico, reflectindo un xogo moi imaxinativo ao longo da composición. Denotando unha visión moi propia e singular, ausente de filtro adulto. O texto é pura imaxinación e divertimento poético.



CONCELLO DE OUTES (A Coruña)

O xurado acorda premiar con accésit compartido –publicación- o poema “A natureza”, da autoría de Adriana González Leira, de 9 anos de idade, natural de Compostela e estudante no CEIP Pío XII da mesma localidade. O xurado valora deste traballo a sensibilidade, a visión da natureza dende a ferida. Ben escrito e cunha axeitada composición do poema, de maneira poderosa e feiticeira, describe a natureza sendo parte dela.

O outro accésit compartido foi para o traballo titulado “A ledicia dos sons” -publicación-; aberta a plica corresponde á autoría de Ana López Canosa, de 8 anos de idade, natural da Coruña e estudante no CEIP Zalaeta desta localidade. O xurado quixo destacar deste traballo a gran compoñente musical que atravesa todo o poema. As imaxes tan expresivas que transmite, así como as onomatopeas que o inundan de rima, mais dende unha óptica moi intelixente e sorprendente.

Categoría C: Nenos e nenas de 10 a 11 anos:

Á estimanza do xurado, acada o primeiro premio por unanimidade -210 euros en libros e publicación- o poema titulado “Unha flor soa no mundo”. Aberta a plica, é da autoría de Ana María Andreea Rucsanda, de 10 anos de idade, natural de Romanía e estudante no CEIP Plurilingüe Anxo da Garda da Coruña. Desta composición, o xurado salienta a medida emocional tan ben levada, a contención, ese saber medirse querendo chegar ao lugar ao que pretende encamiñarnos. Sabe sorprender o lector, rompendo coa orde preestablecida, e cun final inesperado.

O xurado decide outorgar accésit compartido –publicación- ao traballo titulado “Cor branca”, cuxo autor é Sergio Ramos Dopico, de 10 anos de idade, natural da Coruña e estudante no CEIP Plurilingüe Anxo da Garda desta cidade. Trátase dunha composición moi ben construída, cunha imaxe moi potente como remate, que convida á reflexión e abre un abismo desesperanzador no futuro, sinalando á especie humana.

Acada accésit compartido -publicación- o traballo titulado “Cando sufras”. Aberta a plica, corresponde a Ildara González Ferreiro, de 10 anos de idade, estudante do CEIP Santa Mariña de Vigo e residente nesta cidade. Destaca a construción poderosa das imaxes, case bíblicas, coma unha *sorte de anunciación*, que vai creando a autora. Moi interesante tamén é a intelixencia emocional que contaxia dende o primeiro verso, pois transmite moita empatía co “outro”, co “ti”.



CONCELLO DE OUTES (A Coruña)

Categoría D: Rapaces e rapazas de 12 a 14 anos:

Acada o primeiro premio -240 euros en libros e publicación- o traballo titulado “Lúa/Neve”. Aberta a plica, correspóndese coa autoría de Aitor Pereiras Moimenta, de 11 anos de idade, natural de A Estrada e estudante do CEIP do Foxo. O xurado destaca a musicalidade da composición. Convida á participación do lector. Fai unha aposta pola simpleza léxica á vez que constrúe unha complexa singularidade, repeticións sen progresión. É unha proposta moi audaz, pois con poucos elementos articula moitas perspectivas. Crea imaxes moi pictóricas.

O xurado decide outorgar o accésit –publicación- ao traballo titulado “Palabras de auga”. Aberta a plica, a autoría corresponde a Noa López Oca, de 11 anos de idade, de A Estrada e estudante no CEIP do Foxo. O xurado salienta da composición a linguaxe que emprega ao longo do poema, como unha vía de acceso, como un estímulo para a creación e articulación do mundo e o planeta.

Categoría E: Mozos e mozas de 15 a 17 anos:

Por unanimidade, o xurado decide outorgar o primeiro premio -480 euros e publicación- ao traballo titulado “17 Translacións”. Aberta a plica, a autora é Laura Valeria Gutiérrez Caneda, de 17 anos de idade, natural de Xinzo da Limia e estudante no IES Cidade de Antioquía. Á estimanza do xurado, o traballo destaca polo uso moi interesante que fai a autora das elipses e por como vai evoluíndo a súa estrutura ao tempo que medra o poemario. A propia desigualdade que artella fai moi interesante este traballo. O emprego do (*) para non definirse, a disposición gráfica dos poemas e o propio uso do espazo que vai elaborando son elementos construtivos moi atraentes.

O xurado outorga o accésit –publicación- ao traballo titulado “Necesidades dun cerebro neuronal”. Aberta a plica, corresponde á autora Mariña Maceiras Segovia, de 17 anos de idade, de Pontevedra e estudante no IES Sánchez Cantón da mesma localidade. O xurado destacou da composición a *constatación* dunha vida normal sen buscar artificios nin grandes temáticas. A autora valora a sinxeleza e o equilibrio no cotián, sen máis. Vai na procura de cousas interesantes sen apuntar a grandes temas, aséntase na pura rutina, e comprende o mundo que transmite, a través da atención detallada que fixa nos elementos cotiáns.



CONCELLO DE OUTES (A Coruña)

Categoría F: Maiores de 18 anos:

Á estimanza do xurado, acada o primeiro premio -1500 euros e publicación- o traballo titulado "Cruz(eiro)". Aberta a plica, corresponde a Manuel López Rodríguez, natural de Noia. O xurado destacou do traballo a achega que o autor fai pola mestura de xéneros. Cunha grande aposta estrutural e arquitectónica do traballo, ao tempo tamén é capaz de formular unha estrutura conexas, e é esta a columna vertebral que sostén o poemario. Vai entrelazando varios xéneros ao longo do traballo nun xogo inter-temático (poesía, narrativa, teatro), coa superposición de varios estados: vida social, toques paisaxísticos, do patrimonio, etc. Consegue, ao tempo que é arriscado na estrutura, dialogar moi acertadamente coa tradición literaria.

Accésit compartido -publicación- foi para o traballo titulado "Refén". Aberta a plica correspondeu a Mercedes Rodríguez Bolaño, da cidade da Coruña. Segundo o xurado, a autora logra conseguir *escintileos brancos* moi finos pola vía da depuración estética. O peso da palabra xusta. Non busca o artificio. Fainos conscientes de que o mundo funciona dun xeito simple cando se pon a pulsión no lugar axeitado. Avoga polo sentido da vida nas cousas sinxelas, pola transparencia das palabras humildes.

Accésit compartido -publicación- foi para o traballo titulado "Facsímile" que, aberta a plica, corresponde a Benjamín Vidal Estévez, de Baiona. Valora o xurado do seu traballo o funcionamento intra textual moi intelixente que consegue, unha armazón moi ben artellada co contido. Apela a unha lectura activa, busca un lector moi consciente que mentres avanza é seducido polo texto esfarelado que pouco a pouco se vai desvelando diante del. Anóvase o resón do clásico que é traído ao día de hoxe.

Remata a sesión ás 14:15 horas.

E para que así conste, asinan a acta todas e cada unha das persoas que integran o xurado do "XXVI Certame Francisco Añón de poesía".

Outes, 7 de maio de 2022